

REGULAMENTO DE USO DA MARCA DE GARANTÍA "PRODUTO DO EUME"

TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto

Artigo 2.- Titularidade da marca e réxime xurídico de uso

Artigo 3.- Finalidade

TÍTULO II: USO DA MARCA

Artigo 4.- Persoas lexitimadas para usar a marca

Artigo 5.- Requisitos e condicións dos establecementos

Artigo 6.- Condicións imprescindibles de acceso

Artigo 7.- Procedemento para a obtención da autorización

Artigo 8.- Condicións de uso da marca

Artigo 9.- Obrigas dos usuarios da marca

Artigo 10.- Control e seguimento do uso da marca

Artigo 11.- Vixencia da autorización

Artigo 12.- Consecuencias do uso inadecuado da marca ou do incumprimento de requisitos

Artigo 13.- Creación e funcionamento do Rexistro da marca

ARTIGO 1.- OBXETO

O presente Regulamento de Uso ten por obxecto establecer e determinar as condicións que rexerán o uso da marca PRODUTO DO EUME e os requisitos que deberán cumprir as persoas físicas, xurídicas ou comunidades autorizadas a utilizala.

O presente Regulamento de Uso poderá ser modificado pola ASOCIACIÓN EUROEUME, comunicándosele ás persoas autorizadas para o uso da marca e sendo ditas modificacións vinculantes para os mesmos.

ARTIGO 2.- TITULARIDADE DA MARCA E RÉXIMEN XURÍDICO DE USO

PRODUTO DO EUME é un signo distintivo denominativo e gráfico protexido como unha marca de garantía de acordo co establecido no capítulo II do título VII da Lei 17/2001, de marcas, debidamente inscrita no Rexistro de Patentes y Marcas, cuxa titularidade ostenta a ASOCIACIÓN EUROEUME, con domicilio en R/ Capela 21, 15.320 As Pontes (A Coruña). O seu uso rexeráse polo disposto neste Regulamento de Uso, polos seus Anexos e polos acordos e disposicións que en interpretación e execución do mesmo adopte a ASOCIACIÓN EUROEUME, así como pola lexislación vixente en materia de marcas; Lei 17/2.001 de Marcas e o Real Decreto 687/2.002 así como as lexislacións que as substitúan e as disposicións autonómicas na materia.

ARTIGO 3.- FINALIDADE

A marca PRODUTO DO EUME ten como finalidade achegar ao consumidor produtos ou servizos de calidade autorizados pola ASOCIACIÓN EUROEUME, así como, promocionar ditos produtos ou servizos, promovendo o seu prestixio e imaxe

ARTIGO 4.- PERSOAS LEXITIMADAS PARA USALA MARCA

Poderán utilizala marca PRODUTO DO EUME as persoas físicas ou xurídicas e comunidades que teñan plena capacidade de obrar conforme ao ordenamento xurídico, e que previamente sexan autorizados polo titular da marca conforme aos requisitos establecidos no presente Regulamento de Uso e os seus Anexos.

ARTIGO 5.- REQUISITOS E CONDICIÓNS DOS ESTABLECEMENTOS

A ASOCIACIÓN EUROEUME autorizará o uso da marca PRODUTO DO EUME a aqueles que reúnan todos e cada un dos requisitos que, denominados condicións imprescindibles de acceso, se establecen e recollen no artigo seguinte do presente Regulamento de Uso e nos seus Anexos.

Asímesmo as entidades licenciarias da marca aboarán un canón anual en concepto de aluguer de licenza de Marca na cantidade que se estableza nas tarifas aprobadas pola Asociación EuroEume.

ARTIGO 6.- CONDICIÓNS IMPRESCINDIBLES DE ACCESO

Os interesados autorizados ao uso da marca desenvolverán a súa actividade na Comarca do Eume

(concellos de Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e As Pontes) e comarcas limítrofes (Ferrol, Ortegal, Betanzos e parte dos concellos da Terra Chá -Xermade, Guitiriz, Muras, Vilalba e Abadín- por compartir a bacía do Eume).

Elementos como a produción e distribución a escala local baseada en materias primas locais (baixa pegada de carbono), produción e manexo tradicional, respecto medioambiental e a paisaxe, así como o fomento do emprego local como elementos cohesionadores do territorio serán prioritarios á hora de valorar a concesión do dereito ao uso da marca.

Así mesmo, e dados os valores naturais do territorio ámbito da marca, valorarase a certificación das diferentes producións en "produción ecolóxica" ou "produción integrada" e o cumprimento dos requisitos de ditas certificacións. Será obrigatorio o cumprimento dos Plans de Ordenación de Recursos Naturais e o Plan Reitor de Uso e Xestión dos espazos naturais protexidos nos que se asenten as actividades produtivas amparadas pola marca. Tamén é condición imprescindible estar adherido ás diferentes D.O.P (Denominacións de Orixe Protexidas) e I.X.P. (Indicacións Xeográficas Protexidas) existentes no ámbito xeográfico da Marca que amparen a tipoloxía do produto que pretenda acollerse a presente Marca como produto galego de calidade.

As condicións específicas de cada subsector amparado pola marca desenvolveranse nos ANEXOS deste Regulamento.

ARTIGO 7.- PROCEDEMENTO PARA A OBTENCIÓN DA AUTORIZACIÓN

1) SOLICITUDE

a) A solicitude, dirixida á ASOCIACIÓN EUROEUME, axustarase ao modelo de solicitude que acompaña a este Regulamento de Uso, e deberá acompañarse á mesma dos documentos que se especifican; tanto de natureza administrativa (nomeadamente NIF, DNI do representante legal, acreditación da representación, certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e fiscais) como aqueles de natureza técnica que procedan en función do demandante (CEA, Rexistro Sanitario, APPCC ou Guía de boas prácticas hixiénicas, así como unha memoria na que se describan os puntos relacionados no modelo de solicitude), así como calquera outro que, a xuízo do solicitante, permita acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para o uso da marca.

b) Se a solicitude presentada non reunise os requisitos requeridos ou non se acompañase á mesma dos documentos nel establecidos, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez (10) días, subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixera, se lle terá por desistido da súa solicitude. Se no prazo indicado o interesado non subsanase as deficiencias observadas, acordarase a inadmisión da solicitude e o arquivo do procedemento.

2) ANÁLISIS E DETERMINACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS

a) A ASOCIACIÓN EUROEUME ou no seu defecto a entidade ou empresa designada pola Asociación examinará e comprobará o cumprimento dos requisitos esixidos para o uso da marca, a través do análise da documentación que acompaña á solicitude, e a través de visitas e inspeccións, para o cal o solicitante deberá ademais facilitar o acceso a todas as súas instalacións, así como proporcionar cualquier mostra, documento ou información que lle sexa solicitada a maiores.

b) Os técnicos da ASOCIACIÓN EUROEUME, ou da entidade ou empresa designada, sobre a base dos resultados da documentación e análise realizada, elaborarán un informe no que propoñan a concesión ou denegación da autorización solicitada.

3) RESOLUCIÓN E ACEPTACIÓN

- a) A Xunta Directiva da ASOCIACIÓN EUROEUME mediante resolución motivada, concederá ou denegará o uso da marca para os establecementos que a solicitaran.
- b) A concesión da licenza de uso da marca non ten carácter de exclusividade e o seu alcance será o que determine a resolución de autorización.
- c) O prazo máximo para ditar e notificar as resolucións será de tres (3) meses.

ARTIGO 8.- CONDICIÓN DE USO DA MARCA

- a) A autorización de uso da marca PRODUTO DO EUME só poderá ser utilizada polos establecementos autorizados expresamente, nas condicións e forma específica que se sinalen na correspondente autorización, non podendo a persoa autorizada ceder o sublicenciar, total ou parcialmente os dereitos que se deriven sen a autorización previa e expresa de EUROEUME.
- b) A autorización poderá establecer condicións de incompatibilidade de uso da marca con outras marcas, mencións ou referencias que poidan supoñer a promoción de recursos agroalimentarios, gastronómicos e turísticos ou de territorios, diferentes aos promocionados por PRODUTO DO EUME, sendo causa de revogación da mesma o incumprimento de ditos requisitos.
- c) A autorización de uso da marca non substituirá en modo algún o cumprimento dos requisitos e esixencias da lexislación vixente.
- d) O dereito de uso da marca está restrinxido e limitado en exclusiva ao produtor e produto concreto para o que se lle concedeu a autorización.
- e) A reprodución da marca deberá axustarse con exactitude as características técnicas e gráficas da Marca aprobadas pola Asociación EUROEUME.
- f) Queda prohibida calquera utilización fraudulenta ou non autorizada de dito distintivo. Este non poderá ser utilizado de maneira que poida causar descrédito, prexudicar a súa reputación ou inducir a erro aos consumidores sobre as características do produto ou servizo ós que se aplica a Marca.

ARTIGO 9.- OBLIGAS DOS USUARIOS DA MARCA

O titular da licenza de uso da Marca nun produto ou servizo estará obrigado a:

- a) Cumprir as normas do presente Regulamento de Uso da Marca así como os diferentes Anexos que se desenvolvan para cada un dos servizos ou produtos.
- b) Comunicar por escrito á Asociación EuroEume:
As modificacións no proceso ou composición do produto, así como na documentación presentada coa solicitude, incluída a información contida na memoria.
Os ceses, temporais ou definitivos na produción do produto.
Os cambios de figura xurídica ou de razón social da empresa.
- c) Colocar, nun sitio visible das súas instalacións, a placa de adhesión á Marca.

d) En caso de revogación da licenza de uso da Marca, o licenciario estará obrigado a:
Devolver os orixinais da Marca á Asociación EuroEume
Non utilizar copias ou reproducións da Marca.
Retirar da súa documentación pública calquera referencia á Marca

ARTIGO 10.- CONTROL E SEGUIMENTO DO USO DA MARCA

a) A vixencia da autorización do uso da marca, está expresamente supeditada a que se manteñan inalteradas as condicións e o cumprimento dos requisitos segundo os cales se concedeu dita autorización.

b) A Asociación EUROEUME supervisará o mantemento das condicións e o cumprimento dos requisitos por calquera medio, sistema ou procedemento que considere adecuado para tal fin (incluída a posibilidade dun Sistema Participativo de Garantía), e os titulares da autorización estarán obrigados a facilitar o acceso ás súas instalacións e dependencias, así como a calquera mostra, documentación e información que sexa necesaria, ao persoal da Asociación ou das empresas ou entidades designadas para a dita supervisión.

c) Farase polo menos unha inspección anual aos operadores que detenten o uso da Marca. Os gastos derivados das actividades de control levadas a cabo (asistencia técnica, analíticas, etc.) serán por conta da persoa autorizada para o uso da Marca.

ARTIGO 11.- VIXENCIA DA AUTORIZACIÓN

a) A autorización de utilización da marca concedida ao amparo do presente Regulamento de Uso, terá unha duración máxima de 10 anos e manterase vixente durante ese período sempre que tanto o establecemento como o autorizado manteñan inalteradas as condicións e o cumprimento dos requisitos segundo os cales se concedeu dita autorización.

b) Calquera cambio producido nas condicións requiridas para a autorización deberá ser notificado a ASOCIACIÓN EUROEUME no prazo máximo de dez (10) días hábiles, debendo a entidade adoptar as medidas que considere oportunas, de acordo coa normativa vixente, a fin de garantir en todo momento o cumprimento dos requisitos establecidos para a autorización.

c) Poderá suspenderse ou revogarse a autorización pola Xunta Directiva de EuroEume, como consecuencia do disposto no artigo seguinte, ou cando concorresen circunstancias que por supor un potencial prexuízo a imaxe da marca e a xuízo dos órganos da citada entidade, así o aconsellen. Sen prexuízo das sancións que correspondan por infracción na normativa vixente.

d) A autorización quedará resolta de plano e sen dereito a indemnización algunha en caso de perda ou extinción sobrevida do dereito exclusivo do titular da marca.

ARTIGO 12.- CONSECUENCIAS DO USO INADECUADO DA MARCA OU DO INCUMPRIMENTO DE REQUISITOS

1) CAUSAS DE REVOCACIÓN DA AUTORIZACIÓN

a) A autorización de uso da marca será revogada pola Xunta Directiva de EuroEume cando conorra calquera das seguintes circunstancias:

i. Cando o uso que da marca faga o titular da autorización contraríe ou exceda as condicións

establecidas neste Regulamento de Uso e na propia autorización, ou resulte un uso manifestamente prexudicial para os fins para os que se concedeu.

ii. Cando o titular da autorización incumpra os requisitos ou deixe de observar as condicións que, de acordo co disposto neste Regulamento de Uso, se tiveron en conta para conceder a autorización.

iii. Cando o titular incumpra calquera das condicións e obrigas, formais ou substanciais, que lle impón o presente Regulamento de Uso ou a propia autorización concedida.

iv. A posta de manifesto do incumprimento de calquera norma que resulte aplicable.

b) A revogación da autorización conlevará a inmediata extinción da autorización do uso da marca concedida, e o produtor deberá poñer fin a calquera forma de uso que da marca estea facendo.

2) PROCEDEMENTO

a) Cando a través dos procedementos de control ou seguimento, ou por calquera outro medio, se poña de manifesto a posible concorrencia dalgunha das causas de revogación da autorización, a Asociación EUROEUME comunicará tal circunstancia ao produtor autorizado, facéndolle saber:

i. Os feitos, omisións ou circunstancias cuxa concorrencia sexa constitutiva de causa de revogación da autorización de uso da marca.

ii. Se ditos feitos, omisións ou circunstancias poden considerarse ou non subsanables.

b) Con dita comunicación, a Asociación EUROEUME porá a disposición do interesado, se existisen, os documentos ou informes que acrediten a concorrencia da causa de revogación, concedendo ao interesado un prazo de diez días (10) hábiles para formular as alegacións e achegar os documentos que xulgue convenientes para a mellor defensa dos seus intereses.

c) Á vista do cal, a Xunta Directiva de EuroEume ditará unha resolución motivada na que poderá considerar calquera dos seguintes supostos:

i. Que non concurren os feitos, omisións ou circunstancias que foron inicialmente considerados ou, aínda concorrendo, non son constitutivos de causa de revogación da autorización. Neste caso, a resolución acordará o arquivo do expediente.

ii. Que sí concorren efectivamente os feitos, omisións ou circunstancias que foron inicialmente considerados e son constitutivos de causa de revogación da autorización, pero son subsanables. Neste caso, a resolución establecerá un prazo mínimo de dez (10) días hábiles e máximo de dous (2) meses para subsanar o incumprimento que concorra. Antes do transcurso de dito prazo, o titular da autorización deberá acreditar a efectiva subsanación do incumprimento detectado, en cuxo caso ditarase unha nova resolución que así o faga constar e declare o mantemento da vixencia da autorización. Se transcorre o prazo concedido sen que o produtor acredite debidamente a efectiva e adecuada subsanación do incumprimento, ditarase unha nova resolución de acordo co disposto no apartado seguinte.

iii. Que sí concorren efectivamente e con carácter insubsanable os feitos, omisións ou circunstancias que foron inicialmente considerados e son constitutivos de causa de revogación da autorización. Neste caso, a resolución acordará a revogación da autorización de uso da marca. En execución de dita resolución, se fora preciso, a Asociación EuroEume, exercerá as accións xudiciais necesarias para garantir a efectividade da prohibición de uso da marca.

ARTIGO 13.- CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO DA MARCA

1) Créase o Rexistro de autorización de uso da marca PRODUTO DO EUME dependente da

Asociación EuroEume, no que figurarán, entre outros datos, os relativos á persoa física ou xurídica á que se lle concede a autorización e os relativos ás instalacións para as que se concede a autorización.

2) A inscrición no Rexistro practicarase directamente pola Asociación EuroEume á vista da aceptación da resolución de autorización e comunicarse ao interesado mediante o correspondente certificado.

3) A información contida no Rexistro ten carácter público, se ben o acceso aos datos de carácter persoal deberá observar a lexislación vixente na materia.